

**BASES REGULADORAS DO CONCURSO DE CONFECCIÓN DE UN CARTEL PARA AS  
FESTAS DE SAN BARTOLO 2015**

O Concello de Xove, consonte ao previsto na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, e no que sexa de aplicación, os RD 887/2006, de 21 de xullo e Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, e ao obxecto de incentivar a participación cidadá no deseño de logos institucionais, establece as normas reguladoras da participación, as axudas económicas e dos premios que se outorgarán aos participantes que interveñan nos citados actos, de acordo coas seguintes

**BASES**

**PRIMEIRA.- DEFINICIÓN DO OBXECTO**

Constitúe o obxecto das presentes bases a regulación do procedemento aplicable para o outorgamento do premio do concurso de deseño de un cartel para as Festas de Xove 2015 organizado polo Concello de Xove.

**SEGUNDA.- REQUISITOS DOS PARTICIPANTES**

Poderá participar no concurso e ser beneficiario deste premio calquera persoa empadroada no Concello de Xove.

A documentación a presentar será a seguinte:

- Ficha de inscrición establecida ao efecto con número de Rexistro.
- Fotocopia do DNI do autor-a
- Cartel en formato impreso e/ou dixital.
- Ficha Técnica (breve descrición do cartel)
- No caso de participantes menores de idade, deberase entregar ademáis unha fotocopia do DNI do pai/nai/titor-a.

**TERCEIRA.- NORMAS DE ELABORACIÓN DO ANAGRAMA OU LOGO.**

- Temática: O cartel deberá patrocinar as festas patronais de Xove.
- Deberá figurar obrigatoriamente no mesmo o texto "San Bartolo 2015"
- Os deseños deberán ser orixinais e inéditos realizados polos propios participantes. En ningún caso se aceptarán deseños copiados ou realizados por persoas distintas das participantes.

No caso de que a organización comprobe algunha irregularidade na presentación dos deseños (copias ou non autoría) suporá a inmediata eliminación do participante no concurso.

- Cada participante poderá entregar un único deseño.

#### **CUARTA.- COMPOSICIÓN DO XURADO**

O xurado estará composto por membros de Asociacións Inscritas no Rexistro Municipal, así como os representantes da Xunta de Goberno Local do Concello de Xove e os membros da Comisión de Festas.

#### **QUINTA.- CRÉDITO ORZAMENTARIO**

A contía máxima destinada ao presente premio é de 100€ (partida 338.481 do Estado de Gastos do Orzamento Municipal para 2015)

#### **SEXTA.- PREMIO**

Haberá unha única categoría.

O premio será de 100 euros en metálico.

O autor cederá tódolos seus dereitos sobre a súa obra ao Concello de Xove.

De acordo co RD 439/2007, de 30 de marzo, polo que se aproba o Regulamento do Imposto sobre a Renta das Persoas Físicas, o premio que se conceda non está suxeito a retención.

#### **SÉTIMA.- PROCEDEMENTO DE ENTREGA DE PREMIOS**

Unha vez rematado o prazo de entrega, o xurado reunirse na segunda semana do mes de xullo e levantará acta na que conste o premiado.

Sobre a acta do xurado, emitirase informe-proposta polo Técnico Municipal de Cultura, que se elevará á Xunta de Goberno Local ou á Alcaldía, segundo sexa un ou outro o órgano competente para a concesión dos premios.

O fallo do xurado darase a coñecer a mediados do mes de xullo.

#### **OITAVA.- PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL**

A presentación da ficha de inscrición supón a aceptación incondicional das presentes bases e das condicións, requisitos e obrigas contidas nestas.

A concorrencia ao proceso de concesión de subvencións implicará a manifestación tácita do consentimento inequívoco ao tratamento de datos de carácter persoal e a súa publicación de acordo co previsto na Lei Orgánica 15/99, de 13 de decembro, de Protección de datos de carácter

persoal. A finalidade da recollida e tratamento dos datos persoais será estrutamente á xestión e tramitación do expediente correspondente.

Acordo da X.G.L. na súa sesión de 3 de xuño de 2.015